

# POR UN ENTROIDO EN IGUALDADE

- 1 O Entroido é tempo de festa, propicio ao desenfreo, á diversión e á ledicia, mais NON TODO VALE. Temos a responsabilidade social de construírmos un mundo sen discriminacións.
- 2 Descarta para as túas fillas/os disfraces hipersexualizados. Os dirixidos ás nenas son unha forma de “violencia de xénero simbólica”, cousificaaas e erotízaas como únicos valores ligados a elas, ao paso que os disfraces sexistas levados por homes ridiculizan e discriminan as mulleres.
- 3 Un bo disfrace ten de ser creativo, flexíbel, libre de estereotipos sexistas, seguro e adaptado a cada idade. Ofrece alternativas igualitarias na elección dos disfraces, promovendo non perpetuar a división sexual das profesións, que non ridiculice nin cousifique a imaxe da muller e que sexa respectuoso coa diversidade sexual, étnica etc.
- 4 Evita comprar disfraces en cuxo envoltorio aparecer a palabra sexy: é sexista e discriminatorio. Se detectares este tipo de publicidade, denunciao a través do Observatorio da Publicidade Non Sexista da Xunta no enderezo [igualdade@xunta.es](mailto:igualdade@xunta.es) ou ben telefona ao número gratuíto 900 400 273.
- 5 Nos centros escolares propón un mesmo disfrace para o alumnado, sen facer distincións por sexo.
- 6 Educa en igualdade desde a familia e todas e todos gozaremos dun Entroido libre de discriminacións e de violencia contra as mulleres.
- 7 Non partilles ou toleres brincadeiras, imaxes ou comentarios sexistas, pois perpetúan os estereotipos de xénero e unha sociedade machista.
- 8 No Entroido, como no resto dos días do ano, NON é NON. Drogas e alcohol non son unha xustificación para as agresións. Se as presenciades, non as permítas. Rexéitaaas e denunciaas: podes chamar gratuitamente ao 016 ou ao 112.
- 9 Emprega unha linguaxe de xénero na túa comunicación oral e escrita, coida a selección musical que fixeres e procura que as imaxes que utilices non sexan sexistas.
- 10 Se convocares concursos ou fas parte dunha comparsa ou agrupación, promove a participación igualitaria de mulleres e homes e non apoies a utilización de vestimenta, a trezo ou monicreques sexistas, ofensivos ou discriminatorios.

